

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE SANIDAD, EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y LA FUNDACIÓN INFANTIL RONALD MCDONALD PARA LA CONSTRUCCIÓN Y GESTIÓN DE UNA CASA RONALD MACDONALD PARA EL ALOJAMIENTO TEMPORAL DE FAMILIAS DE PACIENTES INGRESADOS EN LOS HOSPITALES DEL SERVICIO GALLEGO DE SALUD SITUADOS EN LA CIUDAD DE A CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Fundación Infantil Ronald MacDonald o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia de catro anos dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Infantil Ronald MacDonald para a construción e xestión, no recinto do Hospital Teresa Herrera, dunha casa Ronald MacDonald para aloxar aos familiares dos nenos que reciban tratamento médico de longa duración nos hospitais do Servizo Galego de Saúde situados na Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no interese que teñen as partes intervintes en dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, e unha atención complementaria axeitada mediante a creación por parte da Fundación dunha casa de acollida para os familiares dos nenos sometidos a tratamentos de longa duración. Co fin de levar adiante o proxecto, o Servizo Galego de Saúde achegará o terreo e a Fundación a

construción, xestión e mantemento da casa de acollida, non tendo ningunha obriga económica para o Servizo Galego de Saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

